

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13491 *Real decreto lei 33/2020, do 3 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes de apoio a entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal.*

A situación de emerxencia sanitaria en que, como consecuencia da pandemia global do COVID-19, se encontra España supuxo un impacto sen precedentes, pola súa rapidez e intensidade, nas estruturas sociais, económicas e laborais do noso país. Neste sentido, aínda que as necesidades sanitarias da poboación xeral remitan, resulta previsible que se acentúen paulatinamente outras necesidades de carácter socioeconómico do conxunto da sociedade e, moi especialmente, dos grupos de poboación máis vulnerables.

As ditas necesidades, sen dúbida preexistentes á situación de crise sanitaria, estanse vendo intensificadas na súa gravidade e diversificadas na súa tipoloxía. En consecuencia, os poderes públicos deben, baixo o mandato implícito ao carácter social e democrático de dereito do Estado, abordar con carácter urxente as consecuencias socioeconómicas dun fenómeno, a crise sanitaria, que está deteriorando de forma acelerada as condicións de vida da poboación.

Resulta innegable que na provisión do benestar social as entidades do terceiro sector de acción social veñen desempeñando, desde hai décadas, un papel de crecente importancia, en colaboración e co impulso e o apoio das administracións públicas. Actualmente, a acción das entidades do terceiro sector de acción social constitúe un apoio fundamental para a realización efectiva dos dereitos sociais, especialmente entre a poboación en risco de exclusión social.

Neste sentido, as entidades do terceiro sector de acción social veñen realizando un esforzo sen precedentes na nosa historia recente á hora de atenuar o impacto que a crise sanitaria está tendo nas condicións de vida de boa parte da sociedade española. O rápido despregamento de medios por parte das ditas entidades traducíronse en que, cos seus propios recursos, materiais, humanos e financeiros, tivesen que abordar diversas necesidades sociais sobrevidas que, presumiblemente, poden prolongarse e intensificarse nos próximos meses. A reorientación dos recursos do terceiro sector de acción social para afrontar a situación de emerxencia sanitaria debilitou considerablemente tanto a capacidade de actuación como as propias estruturas centrais das principais entidades.

Así, unha das consecuencias da extraordinaria situación actual (crise sanitaria, económica e social) foi o incremento exponencial das demandas sociais ás entidades do terceiro sector de acción social unido á incapacidade destas de facer fronte ás ditas demandas cuns medios que se mantiveron, no mellor dos casos, estables no tempo. Por outra parte, igual que o tecido empresarial, o tecido asociativo vinculado ao terceiro sector de acción social vén sufrindo unha serie de tensións sen precedentes que pon en perigo a propia supervivencia de moitas entidades, cuxo labor resulta fundamental para promover o benestar de boa parte da sociedade española. Resulta significativo, neste sentido, que o terceiro sector de acción social no seu conxunto se viu obrigado a realizar este esforzo extraordinario a través dunhas estruturas que aínda non se repuxeran da crise financeira global do ano 2008.

Nestas circunstancias excepcionais, corresponde ao Goberno recorrer a todos os instrumentos dispoñibles para apoiar as entidades do terceiro sector de ámbito estatal. A denominada «segunda onda» da pandemia que, con maior ou menor intensidade, se iniciou no noso país e na maioría de países da nosa contorna ao finalizar o período estival, confirma que nos internamos, novamente, nunha situación excepcional en que os poderes públicos deberán actuar con extrema axilidade para ofrecer solucións de urxencia tanto á poboación como aos distintos participantes que interveñen na provisión e mantemento do

benestar social. Debido á súa evolución histórica recente, as estruturas das principais entidades do terceiro sector de acción social son especialmente vulnerables a situacións de crise reiteradas e prolongadas no tempo, como é o caso da actual. Así, nos últimos meses, véñse constatando a necesidade de adoptar medidas que permitan non só reforzar a actuación de carácter social das entidades do terceiro sector senón, ademais, apoiar as súas estruturas centrais, sen as cales sería imposible que desenvolvesen a súa actividade. Trátase, por tanto, de alcanzar tres obxectivos de forma urxente como primeiro paso para, con posterioridade, abordar as reformas necesarias para dotar dun novo marco de actuación as entidades do terceiro sector de acción social, a través do desenvolvemento regulamentario da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social.

O primeiro obxectivo consiste en abordar con rapidez a necesidade de liquidez inmediata das entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal que levan anos colaborando con distintas administracións e, sobre todo, cos departamentos ministeriais que teñen competencias nas diversas dimensións da acción social. A consecución deste primeiro obxectivo, o máis urxente e necesario para asegurar a supervivencia inmediata de boa parte do terceiro sector de acción social de ámbito estatal, pretende alcanzarse a través da concesión directa de subvencións a un amplo conxunto de entidades do terceiro sector de ámbito estatal. Esta modalidade de concesión realízase, a través deste real decreto lei, de acordo co disposto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, precisamente porque se considera necesario garantir ás entidades beneficiarias a percepción destas subvencións constituíndo o deber legal da Administración xeral do Estado de proceder sen demora ao outorgamento destas, o que unicamente pode facerse recorrendo a unha norma de rango legal.

O segundo obxectivo, vinculado co anterior, non é outro que garantir en todo momento a percepción destas subvencións por parte das entidades beneficiarias independentemente dos sucesos que nos próximos meses poidan obstaculizar, ralentizar ou mesmo impedir a realización de todos os trámites que a lexislación recolle para a percepción destas subvencións. Un elemental sentido da responsabilidade, atendendo á conxuntura sociosanitaria e á posible adopción de medidas que poidan distorsionar e retardar o normal desenvolvemento do labor da Administración, obriga a considerar a situación de que, unha vez finalizado o exercicio orzamentario, non puidese devindicar á totalidade de entidades beneficiarias a contía correspondente. En previsión desta situación, e co fin de garantir, baixo calquera circunstancia, a todas as entidades beneficiarias a percepción da subvención, considerouse imprescindible recorrer a unha norma con rango legal, por ser a única vía para, se for necesario, recorrer ao disposto no artigo 58 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

O terceiro obxectivo é o de mellorar a definición daqueles fins a que os poderes públicos poden orientar o financiamento do terceiro sector de acción social. Neste sentido, o Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, abordou, no seu momento, unha serie de necesidades existentes nos últimos anos da crise financeira da primeira década do ano 2000. A situación actual, similar nalgúns puntos a aquela, afectou non só a capacidade de acción do terceiro sector de acción social senón, moi especialmente, as propias estruturas das entidades que nel se integran. Por isto, co fin de ter unha habilitación legal para facilitar e dinamizar o impulso e transformación deste terceiro sector, modifícase a redacción do artigo 2 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, para que o fomento e modernización do terceiro sector de acción social sexa un máis dos eixes das actividades de interese xeral consideradas de interese social e que, por tanto, poida e deba ser tido en conta na determinación das bases reguladoras das axudas financiadas coa porcentaxe fixada do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para proceder a esta necesaria e urxente modificación considerouse imprescindible, de novo, recorrer a unha norma con rango legal.

Por outro lado, tendo en conta a necesidade de levar a cabo estas accións, sobre todo garantir recursos financeiros inmediatos ás entidades do terceiro sector de acción social, de acordo con criterios de eficiencia, rapidez e proporcionalidade, considerouse oportuno

recorrer a un recurso financeiro xa existente e dispoñible. Así, a disposición adicional centésimo terceira, número un, da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, estableceu que o Estado destinará a subvencionar actividades de interese xeral consideradas de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre sociedades correspondente aos contribuíntes cuxo período impositivo finalizase a partir da entrada en vigor da dita lei e que manifestasen expresamente a súa vontade en tal sentido. Trátase, por tanto, da creación dun novo recurso a través do cal o contribuínte pode afectar parte da súa contribución para o sostemento dos gastos públicos a un fin específico, isto é, a realización de actividades de interese xeral consideradas de interese social.

Por todo isto, desde o Goberno considerouse a opción de acudir a este recurso financeiro, consistente nos ingresos procedentes da recadación do 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre sociedades correspondente ao ano 2018, para dotar de liquidez inmediata o terceiro sector de acción social de forma que poida seguir desenvolvendo o seu imprescindible labor. Todo isto sen prexuízo da necesaria reforma do marco de financiamento e funcionamento do terceiro sector de acción social, que será abordada no ano 2021.

Respecto do suposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade establecido no artigo 86.1 da Constitución española, o contido do real decreto lei fundaméntase en motivos obxectivos, de oportunidade política e extraordinaria urxencia que requiren a súa aprobación inmediata, entre outros, a situación grave e excepcional que persiste como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, o que fai indispensable dar unha resposta adecuada ás necesidades que se suscitan no ámbito social.

O artigo 86 da Constitución permite ao Goberno ditar reais decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe, desta forma, un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 4; 137/2003, do 3 de xullo, FX 3; 189/2005, do 7 de xullo, FX 3; 68/2007, FX 10; e 137/2011, FX 7), o fin que xustifica que a lexislación de urxencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Pola súa vez, para xustificar a inclusión nunha norma con rango de lei dunha materia que podería ser obxecto de regulación regulamentaria conforme a doutrina que vén mantendo o Tribunal Constitucional sobre a inclusión nos reais decretos leis de medidas para cuxa adopción non é precisa unha norma con rango de lei, cómpre citar a Sentenza do Tribunal Constitucional 14/2020, do 28 de xaneiro, ditada en relación co recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019, interposto contra o Real decreto lei 7/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e alugamento, que sinala no seu FX 5 que «(...) o que este tribunal declarou inconstitucional, por contrario ao artigo 86.1, son as remisións regulamentarias exclusivamente deslegalizadoras carentes de calquera tipo de prazo [SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 6, e 29/1986, do 28 de febreiro, FX 2 c)], e non as habilitacións regulamentarias relacionadas con cambios organizativos (STC 23/1993, do 13 de febreiro, FX 6) ou necesarias, dada a imposibilidade técnica de proceder a unha aplicación inmediata dos preceptos do decreto lei (STC 12/2015, do 5 de febreiro, FX 5). Profundando nesta doutrina, debemos concluír que a utilización do decreto lei soamente será constitucionalmente lexítima se a norma regulamentaria non permite dar a resposta urxente que require a situación que segundo o Goberno é preciso resolver. É dicir, se do que se trata é de utilizar un real decreto lei para ordenar unha materia que antes era regulada por normas

reglamentarias, a xustificación do emprego dese produto normativo impón ao Goberno a necesidade de razoar por que esa regulación requiría precisamente a elevación dese rango no momento en que se aprobou o real decreto lei en cuestión. (...)».

En definitiva, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar o presente real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3), e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas en dar unha resposta adecuada que permita a necesaria seguridade xurídica e a protección dos colectivos que poidan resultar máis vulnerables ante a concorrencia da situación descrita e que se definen pola súa condición extraordinaria e urxente, substanciada a través da utilización da figura do decreto lei dado que a norma regulamentaria non permite dar a resposta urxente que require a citada situación de necesidade que é preciso resolver.

Todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3), xa que existe a necesaria conexión entre a situación de urxencia exposta e a medida concreta adoptada para solucionala, sen que constituía un suposto de uso abusivo ou arbitrario do referido instrumento constitucional.

En suma, nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade previstas no artigo 86 da Constitución, considerando, por outra parte, que os obxectivos que se pretenden alcanzar con el non poden conseguirse a través da tramitación dunha lei polo procedemento de urxencia.

Desta forma, danse nas circunstancias actuais todas as situacións que amparan tanto a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei como a necesidade de recorrer a este instrumento extraordinario, o que, ademais, se inscribe no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3).

Así mesmo, o contido deste real decreto lei é plenamente respectuoso cos límites que impón o artigo 86 da Constitución e non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Como se sinalou, a necesidade deste real decreto lei vén xustificada, precisamente, polos efectos sociais que a crise sanitaria está tendo na poboación española como consecuencia tanto da rápida deterioración do mercado laboral como do incremento de necesidades sociais en distintos ámbitos e colectivos sociais (persoas maiores, infancia, adolescencia, inclusión social, loita contra a violencia de xénero, etcétera). Este real decreto lei pretende responder de forma eficaz ao reto que supón a dita situación de necesidade, recorrendo a un instrumento que permite a áxil tramitación do procedemento de concesión destas subvencións co fin de que as entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal beneficiarias poidan incrementar canto antes a súa capacidade de acción e reorientala, cando isto sexa necesario, ás prioridades sociais do Goberno. Trátase, por outra parte, dun instrumento proporcional á situación, por canto a través del se trata de cubrir ou atenuar unha crecente necesidade cos medios e prazos máis adecuados para isto, de entre os instrumentos que a normativa en materia de subvencións recolle. Da mesma maneira, en aplicación do principio de transparencia, definiuse claramente o alcance, obxectivo e beneficiarios das subvencións que se conceden, e de acordo co principio de eficiencia, óptase por unha modalidade de concesión que garante que as entidades beneficiarias son aquelas que contan coa capacidade demostrada para xestionar, de forma áxil e eficiente, os recursos que a elas se confían para a realización de actividades de interese xeral.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Na tramitación do presente real decreto lei solicitouse o informe da Intervención Delegada no Departamento, así como da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto lei ten por obxecto dispor a concesión directa de subvencións a determinadas entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal, de conformidade co previsto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 66 do Regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2. *Réxime xurídico aplicable.*

As presentes subvencións rexeranse, ademais de polo particularmente disposto neste real decreto lei, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Regulamento polo que se desenvolve a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, salvo no que afecte os principios de publicidade e concorrencia, e polas demais normas que resulten de aplicación.

Artigo 3. *Gastos subvencionables.*

As presentes subvencións concédense coa finalidade de contribuír á realización de proxectos de interese xeral considerados de interese social, desenvolvidos polas entidades beneficiarias, así como os seus gastos de funcionamento.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias.*

1. Serán beneficiarias destas subvencións as entidades do terceiro sector de acción social de ámbito estatal que se detallan no anexo, polo importe máximo establecido para cada unha delas.

2. Naqueles casos en que se trate de federacións, confederacións, unións ou plataformas de entidades do terceiro sector de acción social, poderán ser beneficiarias das subvencións as entidades de ámbito estatal asociadas dentro das anteriores, o cal se determinará, se for o caso, na resolución que canalice a subvención nos termos previstos no artigo 11.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 5. *Procedemento de concesión.*

1. A concesión destas subvencións realizarase mediante a correspondente resolución do secretario do Estado de Dereitos Sociais. A resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. En todo caso, a resolución preverá que o aboamento da subvención se realice nun único pagamento anticipado, de acordo co previsto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu regulamento de desenvolvemento.

Artigo 6. *Contía e financiamento das subvencións.*

A contía máxima global destas subvencións ascenderá a un total de 26.404.089,44 euros. O seu aboamento efectuarase ás entidades e polos importes correspondentes, que figuran no anexo, con cargo ao orzamento do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

Disposición adicional única. *Incorporación dos remanentes de crédito.*

De acordo co disposto no artigo 58 da 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e dadas as circunstancias excepcionais que concorren neste caso, os remanentes do crédito destinados a financiar estas subvencións poderán incorporarse ao crédito correspondente do exercicio orzamentario 2021.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación.*

Modifícase o artigo 2 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Son eixes das actividades de interese xeral consideradas de interese social, e como tales serán tidos en conta na determinación das bases reguladoras das axudas financiadas coa porcentaxe fixada do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas a outros fins de interese xeral considerados de interese social, os seguintes:

- a) A atención ás persoas con necesidades de atención integral sociosanitaria.
- b) A atención ás persoas con necesidades educativas ou de inserción laboral.
- c) O fomento da seguridade cidadá e prevención da delincuencia.
- d) A protección do ambiente.
- e) A cooperación ao desenvolvemento.
- f) O fomento e modernización do terceiro sector de acción social.

2. No marco dos eixes fixados no número anterior, e en execución do previsto no artigo II do Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, as cantidades que se distribuirán no ano 2013 e seguintes, obtidas da asignación da porcentaxe do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas para outros fins de interese social, destinaranse a actividades de interese xeral, entendendo por tales aquelas que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas e da sociedade en xeral e a protexer e conservar o contorno, que poidan ser declaradas regulamentariamente como de interese social. A dita porcentaxe será fixada anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, poderán obter axudas económicas e subvencións con cargo aos créditos que se destinen a outros fins de interese xeral, a Cruz Roja Española e demais entidades ou organizacións non gobernamentais que desenvolvan as actividades a que se refire o número anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Entidades beneficiarias e importes máximos das subvencións

Entidade	Importe IS
CRUZ ROJA ESPAÑOLA.	2.876.208,78 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA Y ORGÁNICA COCEMFE.	1.114.993,27 euros.
CÁRITAS ESPAÑOLA.	811.977,69 euros.
PLENA INCLUSIÓN.	676.414,46 euros.
FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO.	634.357,57 euros.
ASOCIACIÓN PROYECTO HOMBRE.	476.357,98 euros.
SALUD MENTAL.	670.538,83 euros.
RED EUROPEA DE LUCHA CONTRA LA POBREZA Y LA EXCLUSIÓN SOCIAL EN EL ESTADO ESPAÑOL.	375.539,68 euros.
MÉDICOS DEL MUNDO.	355.240,24 euros.
UNIÓN DE ASOCIACIONES FAMILIARES (UNAF).	355.240,24 euros.
PLATAFORMA DEL VOLUNTARIADO DE ESPAÑA (PVE).	345.090,52 euros.
FUNDACIÓN RED DE APOYO A LA INTEGRACIÓN SOCIOLABORAL (RAIS).	334.940,80 euros.
COLECTIVOS DE ACCIÓN SOLIDARIA.	331.790,95 euros.
YOUNG MEN'S CHRISTIAN ASSOCIATION (YMCA).	326.274,06 euros.
FUNDACIÓN ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE.	304.491,63 euros.
FUNDACIÓN UNIVERSIDAD CARLOS III.	265.026,47 euros.
FUNDACIÓN DIAGRAMA INTERVENCIÓN.	255.011,74 euros.
FUNDACIÓN ONCE PARA LA ATENCIÓN DE PERSONAS CON SORDOCEGUERA.	253.743,03 euros.
COORDINADORA ESTATAL VIH - SIDA (CESIDA).	253.743,03 euros.
CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA.	253.337,04 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE ASISTENCIA A VÍCTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL Y DE GÉNERO.	253.198,91 euros.
FUNDACIÓN PADRE GARRALDA - HORIZONTES ABIERTOS.	224.183,05 euros.
FUNDACIÓN LA MERCED MIGRACIONES.	202.994,42 euros.

Entidade	Importe IS
ASOCIACIÓN COMISIÓN CATÓLICA ESPAÑOLA DE MIGRACIÓN (ACCEM).	202.994,42 euros.
FUNDACIÓN CEPAIM - ACCIÓN INTEGRAL CON MIGRANTES.	202.994,42 euros.
UNIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES Y ENTIDADES DE ATENCIÓN AL DROGODEPENDIENTE.	202.193,63 euros.
FEDERACIÓN DE MUJERES PROGRESISTAS.	196.360,47 euros.
FUNDACIÓN EGUÍA CAREAGA.	187.819,57 euros.
DIACONIA.	185.516,60 euros.
FUNDACIÓN ATENEA GRUPO GID.	183.992,37 euros.
FUNDACIÓN ANAR.	178.523,44 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS NUMEROSAS (FEFN).	177.620,12 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ENFERMEDADES RARAS.	168.485,37 euros.
CONFEDERACIÓN DE CENTROS DE DESARROLLO RURAL.	167.470,40 euros.
COMISIÓN PARA LA INVESTIGACIÓN DE MALOS TRATOS A MUJERES.	166.814,63 euros.
FEDERACIÓN DE BANCOS DE ALIMENTOS.	166.783,26 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORGANIZACIONES DE ATENCIÓN A LAS PERSONAS CON PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES (ASPACE).	161.279,07 euros.
FEDERACIÓN DE ENTIDADES CON PROYECTOS Y PISOS ASISTIDOS.	157.320,68 euros.
FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA.	156.664,91 euros.
MOVIMIENTO POR LA PAZ, EL DESARME Y LA LIBERTAD.	152.245,82 euros.
ASOCIACIÓN REALIDADES PARA LA INTEGRACIÓN SOCIAL.	152.245,82 euros.
ASOCIACIÓN NACIONAL AFAR.	152.245,82 euros.
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER.	152.245,82 euros.
HERMANAS OBLATAS DEL SANTÍSIMO REDENTOR CONGREGACIÓN.	151.119,20 euros.
FUNDACIÓN ESPLAI, CIUDADANÍA COMPROMETIDA.	138.594,25 euros.
FUNDACIÓN CRUZ BLANCA.	131.224,50 euros.
PLATAFORMA DE ORGANIZACIONES DE INFANCIA.	126.871,51 euros.
ASOCIACIÓN PROVIVIENDA.	137.104,38 euros.
ASOCIACIÓN OPORTUNIDADES DE VIDA.	118.067,78 euros.
PLATAFORMA DE ONG DE ACCIÓN SOCIAL.	115.637,01 euros.
FEDERACIÓN MUJERES JÓVENES.	115.162,70 euros.
FUNDACIÓN CONFEDERACIÓN ESTATAL DE PERSONAS SORDAS (CNSE).	114.184,36 euros.
FUNDACIÓN PARA LA CONVIVENCIA ASPACIA.	112.550,26 euros.
PLATAFORMA DEL TERCER SECTOR.	105.124,55 euros.
ESCLEROSIS MÚLTIPLE ESPAÑA.	102.512,18 euros.

Entidade	Importe IS
LIGA ESPAÑOLA DE LA EDUCACIÓN Y LA CULTURA POPULAR.	101.497,21 euros.
ASOCIACIÓN ARCO IRIS.	100.370,59 euros.
FEDERACIÓN DE MUJERES Y FAMILIAS DEL ÁMBITO RURAL (AMFAR).	94.863,26 euros.
FEDERACIÓN NACIONAL DE ASOCIACIONES DE MUJERES SEPARADAS Y DIVORCIADAS.	94.863,26 euros.
DOWN ESPAÑA - FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE INSTITUCIONES PARA EL SÍNDROME DE DOWN.	92.362,46 euros.
ASOCIACIÓN DE MUJERES PROGRESISTAS «VICTORIA KENT».	90.691,73 euros.
ASOCIACIÓN APLEC INCLUSIÓN MÁS IGUALDAD.	88.079,28 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS CON PERSONAS SORDAS (FIAPAS).	107.807,62 euros.
FEDERACIÓN DE SCOUTS-EXPLORADORES DE ESPAÑA (ASDE).	86.272,63 euros.
FUNDACIÓN CERMI MUJERES.	84.713,54 euros.
ORGANIZACIÓN NO GUBERNAMENTAL DE DESARROLLO FIET GRATIA.	82.101,09 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE JUSTICIA RESTAURATIVA.	81.197,77 euros.
COMITÉ PARALÍMPICO ESPAÑOL (CPE).	80.805,99 euros.
ALDEAS INFANTILES SOS DE ESPAÑA.	76.122,91 euros.
ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON LESIÓN MEDULAR Y OTRAS DISCAPACIDADES FÍSICAS-FEDERACIÓN NACIONAL ASPAYM.	86.794,05 euros.
H-AMIKECO ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LAS RELACIONES HUMANAS.	74.923,32 euros.
FUNDACIÓN PSICOLOGÍA SIN FRONTERAS.	74.923,32 euros.
PASTORAL PENITENCIARIA DE LA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA.	74.923,32 euros.
ASOCIACIÓN CLARA CAMPOAMOR.	74.563,82 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE MUJERES RURALES.	74.563,82 euros.
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS Y MUJERES DEL MEDIO RURAL (AFAMMER).	74.563,82 euros.
UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS DE ESPAÑA (UDP).	71.813,36 euros.
CONFEDERACIÓN DE CENTROS JUVENILES DON BOSCO DE ESPAÑA.	71.048,05 euros.
MOVIMIENTO SCOUT CATÓLICO.	71.048,05 euros.
FUNDACIÓN TOMILLO.	71.048,05 euros.
SERVICIO DOMÉSTICO ACTIVO (SEDOAC).	68.931,16 euros.
ASOCIACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA INTEGRACIÓN SOCIAL.	66.876,51 euros.
UNIÓN ROMANÍ.	66.818,39 euros.
FUNDACIÓN JUAN CIUDAD.	65.973,19 euros.

Entidade	Importe IS
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES PARA LA PREVENCIÓN DEL MALTRATO INFANTIL.	65.973,19 euros.
FUNDACIÓN UNICEF COMITÉ ESPAÑOL.	65.973,19 euros.
ASOCIACIÓN DE MUJERES JURISTAS THEMIS.	64.414,10 euros.
ASOCIACIÓN PARA LA PREVENCIÓN, REINSERCIÓN Y ATENCIÓN A LA MUJER PROSTITUIDA.	64.414,10 euros.
CONFEDERACIÓN ESTATAL DE PERSONAS SORDAS (CNSE).	68.971,62 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORGANIZACIONES DE MAYORES (CEOMA).	62.509,91 euros.
FUNDACIÓN NANTIK LUM.	60.898,33 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE PADRES Y MADRES DE ALUMNOS (CEAPA).	60.898,33 euros.
ASOCIACIÓN IN VIA.	60.898,33 euros.
ASOCIACIÓN HORUELO.	60.898,33 euros.
CONFEDERACIÓN DE FEDERACIONES Y ASOCIACIONES DE VIUDAS HISPANIA.	59.339,24 euros.
CONFEDERACIÓN NACIONAL DE MUJERES EN IGUALDAD.	59.339,24 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE MUJERES ARENA Y LAURISILVA.	59.339,24 euros.
ASOCIACIÓN DE COLABORADORES CON LAS PRESAS.	58.720,10 euros.
CONFEDERACIÓN NACIONAL DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE ESPAÑA (CONJUPES).	57.435,30 euros.
COORDINADORA ESTATAL DE PLATAFORMAS SOCIALES SALESIANAS.	55.823,47 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DAÑO CEREBRAL.	30.449,16 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES DE PERSONAS CON ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS (CEAFA).	54.282,90 euros.
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MUJERES SEPARADAS Y DIVORCIADAS «CARMEN GARCÍA CASTELLON».	54.264,38 euros.
ASOCIACIÓN MUJERES OPAÑEL.	54.264,38 euros.
FEDERACIÓN DE PLANIFICACIÓN FAMILIAR ESTATAL.	54.264,38 euros.
FEDERACIÓN MUJER RURAL.	54.264,38 euros.
FUNDACIÓN TRIÁNGULO.	53.793,52 euros.
SOLIDARIDAD INTERGENERACIONAL, ASOCIACIÓN DE PERSONAS MAYORES Y FAMILIARES.	52.668,25 euros.
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE AULAS DE LA TERCERA EDAD (CEATE).	51.361,16 euros.
BANCO FARMACÉUTICO, ASSOCIACIO.	50.748,61 euros.
FUNDACIÓN AGRICULTORES SOLIDARIOS.	50.748,61 euros.
UNIÓN DE ASOCIACIONES DE TRABAJADORES AUTÓNOMOS Y EMPRENDEDORES.	50.748,61 euros.

Entidade	Importe IS
ASOCIACIÓN COLUMBARES.	50.748,61 euros.
ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DEL TELÉFONO DE LA ESPERANZA.	50.748,61 euros.
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE RECUPERADORES DE LA ECONOMÍA SOCIAL Y SOLIDARIA.	50.748,61 euros.
FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL DEL PATRIMONIO HISTÓRICO, UN PROYECTO DESDE CASTILLA Y LEÓN.	50.748,61 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PADRES DE NIÑOS CON CÁNCER.	50.748,61 euros.
FUNDACIÓN DE AYUDA CONTRA LA DROGADICCIÓN.	50.748,61 euros.
MOVIMIENTO CONTRA LA INTOLERANCIA.	50.748,61 euros.
ASOCIACIÓN ESLABÓN, INICIATIVAS DE PROMOCIÓN DE EMPLEO.	50.748,61 euros.
ASOCIACIÓN MUJERES PARA LA SALUD.	49.301,16 euros.
UNIÓN ESTATAL DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS DE UGT.	49.208,29 euros.
FEDERACIÓN ESTATAL DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS CCOO.	49.208,29 euros.
FUNDACIÓN UNIÓN PARA LA ASISTENCIA E INTEGRACIÓN DE LA TERCERA EDAD (UNIATE).	48.977,63 euros.
FEDERACIÓN ESTATAL DE LESBIANAS, GAYS, TRANS Y BISEXUALES.	48.740,28 euros.
CONFEDERACIÓN ESTATAL DE ASOCIACIONES Y FEDERACIONES DE ALUMNOS Y EXALUMNOS DE LOS PROGRAMAS UNIVERSITARIOS DE MAYORES (CAUMAS).	47.593,65 euros.
FUNDACIÓN SAVE THE CHILDREN.	47.592,04 euros.
ASOCIACIÓN DE HOGARES PARA NIÑOS PRIVADOS DE AMBIENTE FAMILIAR NUEVO FUTURO.	45.673,74 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE CONSUMIDORES Y USUARIOS DE LOS MEDIOS (ICMEDIA).	45.673,74 euros.
FUNDACIÓN ABRACADABRA DE MAGOS SOLIDARIOS.	45.673,74 euros.
FUNDACIÓN AMIGÓ.	45.673,74 euros.
FUNDACIÓN EDUCACIÓN Y COOPERACIÓN (EDUCO).	45.673,74 euros.
FUNDACIÓN MÁRGENES Y VÍNCULOS.	45.673,74 euros.
FUNDACIÓN VICKI BERNADET.	45.673,74 euros.
FUNDACIÓN YEHUDI MENUHIN.	45.673,74 euros.
ASOCIACIÓN INICIATIVAS SOLIDARIAS.	45.673,74 euros.
REAL HERMANDAD DE VETERANOS DE LAS FUERZAS ARMADAS Y GUARDIA CIVIL (RHERFEVAS).	44.790,29 euros.
FUNDACIÓN PADRINOS DE LA VEJEZ.	44.671,91 euros.
ASOCIACIÓN DE FEDERACIONES Y ASOCIACIONES DE EMPRESARIAS DEL MEDITERRÁNEO.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN DE MADRES SOLAS.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN DE MUJERES CON DISCAPACIDAD XARXA.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN DE MUJERES INVESTIGADORAS Y TECNÓLOGAS.	43.211,33 euros.

Entidade	Importe IS
ASOCIACIÓN DE MUJERES LIBRES Y COMBATIVAS.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MUJERES PROFESIONALES DE LOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN LA SUR.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN LEONESA «SIMONE DE BEAUVOIR».	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN NACIONAL DE MUJERES EMPRENDEDORAS Y AUTÓNOMAS.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN OTRO TIEMPO.	43.211,33 euros.
CONFEDERACIÓN CERES.	43.211,33 euros.
COORDINADORA DE ORGANIZACIONES DE MUJERES PARA LA PARTICIPACIÓN Y LA IGUALDAD.	43.211,33 euros.
CREACIÓN POSITIVA.	43.211,33 euros.
FEDERACIÓN CATÓLICA ESPAÑOLA DE SERVICIOS A LA JUVENTUD FEMENINA.	43.211,33 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE MADRES SOLTERAS.	43.211,33 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE MUJERES RURALES SOL RURAL/FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES Y COLECTIVOS DE MUJERES DE LA COMARCA.	43.211,33 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUJERES DIRECTIVAS, EJECUTIVAS, PROFESIONALES Y EMPRESARIAS.	43.211,33 euros.
FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE EMPRESARIAS BPW SPAIN.	43.211,33 euros.
FUNDACIÓN CALALA FONDO DE MUJERES.	43.211,33 euros.
FUNDACIÓN DE FAMILIAS MONOPARENTALES ISADORA DUNCAN.	43.211,33 euros.
FUNDACIÓN MUJERES.	43.211,33 euros.
ASOCIACIÓN MUJERES PARA EL DIÁLOGO Y LA EDUCACIÓN.	43.211,33 euros.
PLATAFORMA ANDALUZA DE APOYO AL LOBBY EUROPEO DE MUJERES.	43.211,33 euros.
PROFESSIONAL WOMEN'S NETWORK.	43.211,33 euros.
UNIÓN DE ASOCIACIONES DE MUJERES AUTÓNOMAS Y EMPRENDEDORAS.	43.211,33 euros.
UNIÓN DE MUJERES AGRICULTORAS Y GANADERAS.	43.211,33 euros.
LOBBY EUROPEO DE MUJERES-LEM ESPAÑA.	43.211,33 euros.
FUNDACIÓN PLAN INTERNATIONAL ESPAÑA.	42.628,83 euros.
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS (CHRYSALIS).	42.628,83 euros.
FEDERACIÓN NACIONAL DE ASOCIACIONES DE MUJERES GITANAS «KAMIRA».	42.425,67 euros.
FEDERACIÓN ESTATAL DE ASOCIACIONES PROFESIONALES DE AGENTES Y PROMOTORAS DE IGUALDAD DE OPORTUNIDADES.	42.425,67 euros.
FUNDACIÓN PROLIBERTAS.	41.613,86 euros.
NUEVO HOGAR BETANIA.	41.502,21 euros.

Entidade	Importe IS
ADORATRICES ESCLAVAS DEL SANTÍSIMO SACRAMENTO Y CARIDAD.	41.502,21 euros.
COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD.	46.476,06 euros.
CONFEDERACIÓN CATÓLICA NACIONAL DE PADRES DE FAMILIA Y PADRES DE ALUMNOS (CONCAPA).	40.598,88 euros.
COOPERACIÓN INTERNACIONAL (CIONG).	40.598,88 euros.
FUNDACIÓN FRANCISCO FERRER GUARDIA.	40.598,88 euros.
FUNDACIÓN MASHUMANO.	40.598,88 euros.
CONFEDERACIÓN ESTATAL DE MAYORES ACTIVOS (CONFEMAC).	39.366,64 euros.
ASOCIACIÓN EVANGÉLICA NUEVA VIDA.	38.772,66 euros.
ASOCIACIÓN EDAD DORADA. MENSAJEROS DE LA PAZ.	38.059,54 euros.
FUNDACIÓN ALZHEIMER ESPAÑA (FAE).	37.213,77 euros.
DIDANIA. FEDERACIÓN DE ENTIDADES CRISTIANAS DE TIEMPO LIBRE.	36.539,00 euros.
ASOCIACIÓN MUJERES EN ZONA DE CONFLICTO (MZC).	36.427,35 euros.
FUNDACIÓN CIBERVOLUNTARIOS.	36.427,35 euros.
FUNDACIÓN PILARES.	35.626,03 euros.
ORGANIZACIÓN JUVENIL ESPAÑOLA.	35.524,02 euros.
RED ESPAÑOLA DE DESARROLLO RURAL.	35.524,02 euros.
CENTRO DE INICIATIVAS PARA LA COOPERACIÓN BATÁ.	35.524,02 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES NAGUSILAN.	35.078,12 euros.
FUNDACIÓN 26 DE DICIEMBRE.	33.494,08 euros.
FUNDACIÓN HELPAGE INTERNACIONAL ESPAÑA.	32.754,27 euros.
FUNDACIÓN AMIGOS DE LOS MAYORES.	32.754,27 euros.
FUNDACIÓN DEL HOMBRE.	31.677,84 euros.
FUNDACIÓN APIP-ACAM.	31.352,49 euros.
FUNDACIÓN ADSIS.	31.261,14 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE CULTURA Y OCIO (FACOM).	31.193,24 euros.
ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL DE LAS MINORÍAS ÉTNICAS «UNGA».	30.952,25 euros.
PLATAFORMA REPRESENTATIVA ESTATAL DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA (PREDIF).	35.089,42 euros.
FEDERACIÓN NACIONAL DE PUNTOS DE ENCUENTRO PARA EL DERECHO DE VISITAS (FEDEPE).	30.449,16 euros.
FUNDACIÓN ATYME ATENCIÓN Y MEDIACIÓN PARA EL CAMBIO.	30.449,16 euros.
HELSINKI ESPAÑA-DIMENSIÓN HUMANA.	30.449,16 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE JUGADORES DE AZAR REHABILITADOS.	30.449,16 euros.

Entidade	Importe IS
KIFKIF-ENTRE IGUALES-ASOCIACIÓN DE MIGRANTES Y REFUGIADOS LGTB (LESBIANAS, GAYS, BISEXUALES Y TRANSEXUALES) DE LA COMUNIDAD DE MADRID.	30.449,16 euros.
LARES ASOCIACIÓN: UNIÓN DE RESIDENCIAS Y SERVICIOS DEL SECTOR SOLIDARIO.	30.019,08 euros.
ASOCIACIÓN SERVICIO INTERDISCIPLINAR DE ATENCIÓN A LAS DROGODEPENDENCIAS.	29.870,31 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE MUJERES GITANAS FAKALI.	29.530,24 euros.
AMBIT.	29.281,70 euros.
ORGANIZACIÓN SOCIAL DE MAYORES DE IZQUIERDAS.	28.565,24 euros.
RED ACOGE.	28.419,22 euros.
PLATAFORMA KHETANÉ DEL MOVIMIENTO ASOCIATIVO GITANO DEL ESTADO ESPAÑOL.	26.844,23 euros.
PSICOLÓGOS SIN FRONTERAS.	26.661,06 euros.
AUXILIARES DEL BUEN PASTOR VILLA TERESITA.	26.277,63 euros.
SAVE A GIRL, SAVE A GENERATION.	25.719,83 euros.
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS CONTRA LA INTOLERANCIA X GÉNERO (AMPGYL).	25.374,30 euros.
ASOCIACIÓN DE ENTIDADES JÓVENES E INCLUSIÓN.	25.374,30 euros.
ASOCIACIÓN PUNTO OMEGA.	25.374,30 euros.
CONFEDERACIÓN ESTATAL DE ASOCIACIONES DE ESTUDIANTES.	25.374,30 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE PERSONAS SORDOCIEGAS DE ESPAÑA.	162.478,68 euros.
FUNDACIÓN DE EDUCACIÓN PARA LA SALUD.	25.374,30 euros.
SIDA STUDI.	25.374,30 euros.
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MEDIACIÓN (ASEMED).	25.374,30 euros.
ACCIÓN FAMILIAR.	24.658,63 euros.
HERMANDAD DE JUBILADOS DE LOS MINISTERIOS DE COMERCIO, ECONOMÍA Y HACIENDA.	22.280,89 euros.
CONFEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE JUBILADOS, RETIRADOS Y PENSIONISTAS (CAI).	21.938,10 euros.
ASOCIACIÓN MENSAJEROS DE LA PAZ.	21.314,41 euros.
ENTRECULTURAS.	21.314,41 euros.
FEDERACIÓN INJUCAM PARA LA PROMOCIÓN DE LA INFANCIA Y LA JUVENTUD.	21.314,41 euros.
FUNDACIÓN MENIÑOS.	21.314,41 euros.
FUNDACIÓN PARA LA DEFENSA DE LOS USUARIOS DE MEDIOS AUDIOVISUALES APRENDER A MIRAR.	21.314,41 euros.
MENUDOS CORAZONES.	21.314,41 euros.
ASOCIACIÓN MUCHACHOS CIUDAD ESCUELA DE FORMACIÓN SOCIOCULTURAL (CEMU).	21.314,41 euros.

Entidade	Importe IS
PROYECTO SOLIDARIO-ASOCIACIÓN INTERNACIONAL PARA LA COOPERACIÓN AL DESARROLLO Y AYUDA A LA INFANCIA.	21.314,41 euros.
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE PEDIATRÍA SOCIAL.	21.314,41 euros.
ASOCIACIÓN ALMA CONTRA LA VIOLENCIA DE GENERO.	21.202,77 euros.
ACLAD, ASOCIACIÓN DE AYUDA AL DROGODEPENDIENTE.	21.202,77 euros.
COMISIÓN ESPAÑOLA DE AYUDA AL REFUGIADO (CEAR).	21.202,77 euros.
ASOCIACIÓN NACIONAL PRESENCIA GITANA.	20.524,21 euros.
FEDERACIÓN AUTONÓMICA DE ASOCIACIONES GITANAS DE LA C. VALENCIANA (FAGA).	20.524,21 euros.
FEDERACIÓN MARANATHA DE ASOCIACIONES GITANAS.	20.524,21 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES GITANAS DE CATALUÑA (FAGIC).	20.524,21 euros.
ASOCIACIÓN DE ENSEÑANTES CON GITANOS.	20.524,21 euros.
FEDERACIÓN ASOCIACIONES GITANAS DE ARAGÓN (FAGA).	20.524,21 euros.
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES GITANAS DE CASTILLA Y LEÓN.	20.524,21 euros.
ASOCIACIÓN DE MUJERES GITANAS «ALBOREA».	20.524,21 euros.
FUNDACIÓN MÁS FAMILIA.	20.299,44 euros.
FUNDACIÓN HAZLOPOSIBLE.	20.299,44 euros.
JUVENTUD OBRERA CRISTIANA.	20.299,44 euros.
JUVENTUD RURAL DE UPA-UPA JOVEN.	20.299,44 euros.
DOMUS PACIS CASAL DE LA PAU.	20.299,44 euros.
CONFEDERACIÓN POR EL MEJOR INTERÉS DE LA INFANCIA (CEMIN).	18.269,50 euros.
CONFRATERNIDAD CARCELARIA DE ESPAÑA.	18.269,50 euros.
ASOCIACIÓN DE JUBILADOS, PREJUBILADOS Y PENSIONISTAS (MCA-APJP).	17.710,45 euros.
FUNDACIÓN CARLOS SANZ.	17.254,53 euros.
HERMANDAD DE AMIGOS DEL BENEMÉRITO CUERPO DE LA GUARDIA CIVIL (HABECU).	17.024,88 euros.
ASOCIACIÓN DE PROFESORES UNIVERSITARIOS JUBILADOS (ASPUR).	16.567,84 euros.
FUNDACIÓN SALUD Y COMUNIDAD.	16.239,55 euros.
HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL.	16.127,91 euros.
ASOCIACIÓN RUMIÑAHUI.	16.127,91 euros.
ASOCIACIÓN ITXAROPEN GUNE LUGAR DE ESPERANZA.	16.127,91 euros.
ASOCIACIÓN IN GENERO (INTERCULTURALIDAD Y GÉNERO).	16.127,91 euros.
AMIGOS DE LA TIERRA ESPAÑA-JUVENTUD.	15.224,58 euros.
ASOCIACIÓN FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADES POPULARES.	15.224,58 euros.

Entidade	Importe IS
COMITÉ ESPAÑOL PARA INTERCAMBIO DE ESTUDIANTES TÉCNICOS.	15.224,58 euros.
CONFEDERACIÓN DE JUVENTUDES MUSICALES DE ESPAÑA.	15.224,58 euros.
FEDERACIÓN ERASMUS STUDENT NETWORK ESPAÑA.	15.224,58 euros.
INTEGRA VOLUNTARIADO JOVEN.	15.224,58 euros.
RED ESPAÑOLA DE ENTIDADES POR EL EMPLEO, RED ARAÑA.	15.224,58 euros.
OFERTA CULTURAL DE UNIVERSITARIOS MAYORES (OFECUM).	13.711,32 euros.
SOLIDARIOS PARA EL DESARROLLO.	13.194,64 euros.
FUNDACIÓN PATRONATO EUROPEO DEL MAYOR Y DE LA SOLIDARIDAD INTERGENERACIONAL (PEM).	12.797,23 euros.
FUNDACIÓN MANANTIAL.	12.318,19 euros.
ASOCIACIÓN DEMÉTER POR LA IGUALDAD.	11.053,05 euros.
ASOCIACIÓN DONES NO ESTÁNDARDS.	11.053,05 euros.
ASOCIACIÓN TRABE.	11.053,05 euros.
FUNDACIÓN MATRIX, INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO SOSTENIBLE.	11.053,05 euros.
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PALABRA CULTA Y BUENAS COSTUMBRES.	10.626,27 euros.
ASOCIACIÓN DUAL.	10.149,72 euros.
FUNDACIÓN BIENESTAR Y DESARROLLO.	10.149,72 euros.
ASOCIACIÓN DIANOVA ESPAÑA.	10.149,72 euros.
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ENFERMOS ALCOHÓLICOS Y FAMILIARES, A.N.D.A.R.	10.149,72 euros.
CONFEDERACIÓN DE ALCOHÓLICOS, ADICTOS EN REHABILITACIÓN Y FAMILIARES DE ESPAÑA.	10.149,72 euros.
VIDA ASCENDENTE-MOVIMIENTO DE APOSTOLADO SEGLAR DE JUBILADOS Y MAYORES.	9.712,18 euros.
ASOCIACIÓN CULTURAL Y SOCIAL DE POLICÍAS (ACUSPOL).	8.569,57 euros.
PROGRAMA DE REINSERCIÓN DE MUJERES.	6.089,83 euros.
FUNDACIÓN CARMEN PARDO-VALCARCE.	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN PARA LA ATENCIÓN INTEGRAL DE MUJERES EN SITUACIÓN DE RIESGO (AIMUR).	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN GIZARTERAKO ACOGIDA Y ORIENTACIÓN A LA MUJER PROSTITUIDA.	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN.	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN AMIGA POR LOS DERECHOS HUMANOS DE LAS MUJERES.	6.089,83 euros.
ECOS DO SUR.	6.089,83 euros.
HERMANAS JOSEFINAS DE LA SANTÍSIMA TRINIDAD.	6.089,83 euros.

Entidade	Importe IS
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA UNIVERSIDAD DE MAYORES. EXPERIENCIA RECÍPROCA (UMER).	6.089,83 euros.
INICIATIVES SOLIDÀRIES.	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN EN DEFENSA DE LOS DERECHOS DE LAS MUJERES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN (GENERA).	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN PRO-RECUPERACIÓN DE MARGINADOS (APROMAR).	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN MARILLAC.	6.089,83 euros.
ASOCIACIÓN PARA LA MEDIACIÓN, EL ENCUENTRO Y LA ESCUCHA.	6.089,83 euros.